

ACORDO do 17 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) da infraestrutura de evacuación do parque eólico Monteagudo, nos termos municipais de Carballo, A Laracha e Arteixo (expediente IN407A 2008/71-1), DOG Núm. 137, de 19 de xullo de 2022. Prazo para remitir achegas/opinións: 20/07/2022 - 01/09/2022.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220719/AnuncioV0653-170622-0004_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
LAT aéreo-soterrada 66 kV subestación PE Monteagudo-subestación Morás (modificado) Expediente: IN407A 2008/71-1.	Eólicos Breogán, S.L.U.	Carballo, A Laracha e Arteixo.	<p>Obxecto: evacuación da produción de enerxía eléctrica xerada polo parque eólico Monteagudo (expediente IN661A 2003/3-1) e o parque eólico Pedra Queimada (expediente IN408A 2020/70).</p> <p>Liña aéreo-soterrada, a 66 kV simple circuito simplex, de 13.722 metros de lonxitude total, coa orixe en posición de liña HIS 66 kV da subestación do parque eólico Monteagudo (expediente IN661A 2003/3-1) e remate en cela de liña GIS 66 kV da subestación Morás, de UFD Distribución Electricidad, S.A. (expediente IN407A 2012/47-1), que transcorre polos termos municipais de Carballo, A Laracha e Arteixo, coa seguinte tipoloxía:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Treito I: soterrado, de 46 metros de lonxitude entre a subestación do parque eólico Monteagudo e o apoio nº 1 (dotado dunha transición soterrado-aérea-PS/A). – Treito II: aéreo, de 7.042 metros de lonxitude entre o apoio nº 1 (PS/A) e o apoio nº 28 (dotado dunha transición aéreo-soterrada-PA/S). – Treito III: soterrado, de 839 metros de lonxitude entre o apoio nº 28 (PA/S) e o apoio nº 29 (dotado dunha transición soterrado-aérea-PS/A). Neste treito prevese a construción dunha (1) cámara de empalmes prefabricada para conexión dos cables de potencia e posta a terra das pantallas dos condutores. – Treito IV: aéreo, de 3.713 metros de lonxitude entre o apoio nº 29 (PS/A) e o apoio nº 45 (dotado dunha transición aéreo-soterrada-PA/S). – Treito V: soterrado, de 2.082 metros de lonxitude entre o apoio nº 45 (PA/S) e a subestación Morás. Neste treito prevese a construción de tres (3) cámaras de empalmes prefabricadas para conexión dos cables de potencia e posta a terra das pantallas dos condutores. <p>O condutor empregado nos treitos soterrados será do tipo RHZ1-RA+2OL(S) 36/66 kV 630 Al+H165 e nos treitos aéreos será do tipo 337-AL1/44-ST1A (antigo LA-380 (Gull)).</p>

Documentación que se expón:

1. Proxecto de execución (proxecto novembro 2021-declaración responsable do técnico proxectista competente do 14 de febreiro de 2022, conforme o anexo XIX do Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CD do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 65, do 1 de abril de 2011)).

2. Estudo de impacto ambiental (EIA) (marzo 2022-asinado por Jordi Soláns Oste (director técnico), Victoriano Manuel de la Torre Cancelo (coordinador), Miguel Álvarez Lorenzo (técnico) e Carolina Bernal Juy (técnica) o 10 de marzo de 2022) e documento de síntese.

3. Proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) (proxecto novembro 2021-declaración responsable do técnico proxectista competente do 4 de marzo de 2022, conforme o anexo XIX do Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CD do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 65, do 1 de abril de 2011)).